



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22 DE AGOSTO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e cincuenta e cinco minutos do día vintedous de agosto de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. Montserrat Magallanes Alvarez
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste D.^a Elena Baz Rodríguez, con voz pero sin voto.

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Raquel Duarte Núñez.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATAS 29 DE XUÑO E 5 DE XULLO DE 2017

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes á sesión ordinaria celebrada o pasado día 29 de xuño de 2017 e á sesión extraordinaria urxente celebrada o pasado día 5 de xullo de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nelas, polo que as referidas actas foron aprobadas por unanimidade.

PUNTO 2.- EXPEDIENTE 1577/2017.- BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 09.08.2017, que literalmente di:

“SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación de auga por condición de familia numerosa e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 21 de xullo do 2017, D. ISIDRO LOMBA MÁRQUEZ presentou unha solicitude para a bonificación de auga por condición de familia numerosa

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:



Concello A Guarda

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000

Informe- proposta de resolución:

PRIMEIRO: FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible r/ bechos, 37 (número de aboado 273240) para o 4º trimestre do 2017.

SEGUNDO: informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre 2018, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 3.- EXPEDIENTE 1479/2017. BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 10.08.2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 7 xullo do 2017, Dna. MANUEL ANGEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro en representación de MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000

Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 4.- EXPEDIENTE 1427/2017. SOLICITUDE DE DOAZÓN DE MOBILIARIO URBÁN Á DEPUTACIÓN.

Vista a proposta de Alcaldía de data 28,07,2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a convocatoria do Plan de mellora de espazos públicos da Deputación de Pontevedra para



Concello A Guarda

o acondicionamento funcional e estético de xardíns públicos, parques e outras áreas nos concellos de Pontevedra.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

A aprobación de solicitude a Deputación de Pontevedra de 4 bancos urbáns, 4 papeleiras e 2 paneis o abeiro do Plan de mellora de espazos públicos da Deputación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 5.- ASUNTOS VARIOS.

ASUNTOS DE URBANISMO

5.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 3396/2016.- D^a. MARÍA ORFILIA DORADO DORADO, PARA REFORMA DE 2 BAÑOS CONSISTENTE EN PICADO DE AZULEXOS, REVESTIDO DE PAREDES E COLOCACIÓN DE AZULEXOS E BALDOSAS NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M²., DO PISO 1^o-F DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 16, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.397/2017.- D^a. SANDRA BAZ CERQUEIRA, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, DECORACIÓN INTERIOR E ARREGLO DE FACHADA DE LOCAL SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 42-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.506/2017.- D. RUBÉN RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, PARA AMPLIACIÓN DE TERRAZA PARA CAFÉ-BAR DO LOCAL DENOMINADO “KANELLAS” SITO NA RÚA DE PACÍFICO RODRÍGUEZ Nº. 7-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.029/2017.- D^a. FLORA LOMBA GONZÁLEZ, PARA REFACER 8 MTS. LINEAIS DE ALEIRO PARA SACAR AS AUGAS PLUVIAIS MEDIANTE UN CAEIRO Ó EXTERIOR NO TELLADO DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 10, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-2.102/2017. D. AGUSTIN VERDE LOMBA, PARA REPARACIÓN DE FACHADA EXTERIOR DE LADRILLO CON LUCIDO DE MORTERO DE CEMENTO E REXUNTADO DE ZONAS DE PEDRA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 52, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



Concello A Guarda

EXPEDIENTE: RC-1.645/2017.- D^a. M^a. ASUNCIÓN CADILLA RODRÍGUEZ, PARA CAMBIO DE CARPINTERIA EXTERIOR, SUBSTITUCIÓN DE BAÑEIRA POR PLATO DE DUCHA E ALICATADO, RENOVACIÓN DE MÓDULOS DE COCIÑA E ADAPTACIÓN DE FONTANERÍA E ELECTRICIDADE, SITO NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR Nº. 14-1º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-1.644/2017.- D^a. CARMEN TERESA CADILLA RODRÍGUEZ, PARA CAMBIO DE CARPINTERIA EXTERIOR, SUBSTITUCIÓN DE BAÑEIRA POR PLATO DE DUCHA E ALICATADO, CAMBIO DE MATERIAL SANITARIO, ADAPTACIÓN DE FONTANERÍA E ELECTRICIDADE E COLOCACIÓN DE TARIMA FLOTANTE E PORTA, SITO NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR Nº. 17-3º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO PX.O.U.).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

5.2.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito RC-4275 de data 31 de xullo de 2017, presentado por D. SERGIO JOSÉ GUTIÉRREZ SABOY, comunicando o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde e do director de obra para as obras de demolición de vivenda na rúa Malteses, n.º 125.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RC-4276 de data 31 de xullo de 2017, presentado por D. SERGIO JOSÉ GUTIÉRREZ SABOY, comunicando o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde e do director de obra para as obras de construción de vivenda na rúa Malteses, n.º 125.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda acceder ó solicitado.

5.3.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 930/2017.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 03-05-2017 (R.E. nº. RC-2.552), por **D^a. MARÍA AVELINA ESPAÑOL OTERO** con D.N.I. nº. 35.809.277-W e con domicilio na rúa de Castiñeira nº. 29 de A Guarda-C.P. 36789, para construción dunha "PISCINA PRIVADA" sita na rúa de Castiñeira nº. 29, en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "O Castro" da parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 9 - 9 B [Área de tolerancia] do PX.O.U.), segundo proxecto técnico básico e execución subscrito polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 18-05-2017, considérase **favorable** o proxecto técnico básico e



Concello A Guarda

execución.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarelos de data 24-05-2017, non observando na solicitude ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licenza municipal de obras a favor de D^a. María Avelina Español Otero para obras de construción de piscina, na rúa Castiñeira, 29, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados. Debe consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D^a. MARÍA AVELINA ESPAÑOL OTERO**, licenza para construción dunha "PISCINA PRIVADA" sita na rúa de Castiñeira nº. 29, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.



Concello A Guarda

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.501/2017.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 24-10-2016 (R.E. nº. 6.744), por **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con C.I.F. nº. A-63222533 representado por D. FERNANDO VAL LÓPEZ con D.N.I. nº. 02.603.475-J e con domicilio na rúa de Travesía de Vigo nº. 204-C.P. 36207, para licenza de obra para “CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 147 MTS. PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE (5,75 KW)” a vivenda unifamiliar situada na rúa de Carretera Camposancos, s/n., en Solo Urbano de Núcleo Rural de “Camposancos” (Ordenanza nº. 7 do PX.O.U.), segundo proxecto técnico suscrito polo enxeñeiro industrial D. Miguel Ángel Bernal López.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 31-05-2017, considérase **favorable** dende o punto de vista técnico e documental tanto o uso do dominio público para o trazado soterrado así como a licenza de obras, por ser obras acordadas e permitidas polo PX.O.U. de A Guarda, fixando as taxas a liquidar con carácter previo o outorgamento da licenza na cantidade de 1.045,85 €. e se requira a Unión Fenosa depósito de aval por importe de 5.000,00 €. en concepto de reposicións e pavimentos das obras.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta coa conformidade do asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarellos de data 08-02-2017, quen indica que debe outorgarse simultaneamente a autorización de ocupación de dominio público e a licenza de obras.

TERCEIRO.-

3.1.- Con data 22-06-2017 Unión Fenosa Distribución, S.A. realiza ingreso da taxa urbanística e imposto de construción por importe de 1.045,85 €.

CUARTO.-

4.1.- Con data 21-08-2017 (R.E. nº. RC-4.519) Unión Fenosa Distribución S.A. presenta aval bancario (BBVA) por importe de 5.000,00 €.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, autorización de ocupación de dominio público e a licenza de obras para “CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 147 MTS. PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE (5,75 KW)” a vivenda unifamiliar situada na rúa



Concello A Guarda

de Carretera Camposancos, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses
- dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.

Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

QUINTO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

5.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de licenzas de apertura:

Exp. Nº 73/2017 de data 09.06.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. ANA CRUZ ADROVER LOMBA, actuando en representación de RUBRAMIAN, S.L., con enderezo na Rúa da Cal, n.º 181 da Guarda, para inicio de actividade de SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS (Epig. 972.1)



Concello A Guarda

no local sito na rúa Concepción Arenal, n.º 63-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 20 de xuño de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a RUBRAMIAN, S.L. licencia municipal n.º 15/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) no local sito na rúa Concepción Arenal, n.º 63-baixo da Guarda.

Exp. N.º 2479/2017 de data 28.04.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. RUBÉN RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, con enderezo no Barrio de Picóns, n.º 5 do Rosal, para inicio de actividade de OUTROS CAFÉS E BARES (Epíg. 673.2) no local sito na rúa Pacífico Rodríguez, n.º 7-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 19 de xullo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a RUBÉN RODRIGUEZ FERNÁNDEZ, licencia municipal n.º 16/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS CAFÉS E BARES (Epíg. 673.2) no local sito na rúa Pacífico Rodríguez, n.º 7-baixo da Guarda.

Exp. N.º 3.970/2017 de data 11.07.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. TAMARA ALVAREZ MARTINEZ, con enderezo no barrio de Couselo, n.º 2 do Rosal, para inicio de actividade de CAFÉ-BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) no quiosco sito na Praia do Muiño, e visto o informe favorable de data 21 de xullo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a DNA. TAMARA ALVAREZ MARTINEZ licencia municipal n.º 17/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) situado na Praia do Muiño

Exp. N.º 3.969/2016 de data 11.07.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. JAVIER CASTRO PEREZ, con enderezo na rúa Brasil, n.º 8-2ºB da Guarda, para inicio de actividade de CAFÉ-BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) no quiosco sito na Praia da Lamiña, e visto o informe favorable de data 21 de xullo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. JAVIER CASTRO PEREZ licencia municipal n.º 18/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) situado na Praia da Lamiña.

Exp. N.º 4.176/2017 de data 20.07.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. MARIA ZORAIDA MARTÍNEZ SUAREZ, con enderezo na Estrada da Barrosa - Medas, n.º 15 do Rosal, para inicio de actividade de SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) no local sito na rúa



Concello A Guarda

Brasil, n.º 6-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 21 de xullo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a M^a ZORAIDA MARTINEZ SUÁREZ licenza municipal nº 19/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) no local sito na rúa Brasil, nº 6-baixo da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

5.5.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 553/2017 (RC-2.125 DE 11.04.2017). D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR CATEGORÍA ESPECIAL [EPIG. 673.1] A REALIZAR NA RÚA CORUÑA, Nº 26-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE PYME AHORRO GESTIÓN INTEGRAL, S.L.U.

EXPEDIENTE:1459/2017 (RC-3.523 DE 12.06.2017). D. FRANCISCO JAVIER ALONSO VAZQUEZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE COMERCIO MENOR DE ARTIGOS DE XOIERÍA-RELOXERÍA [EPIG. 659.5] A REALIZAR NA RÚA JOSÉ MANUEL ANDREINI, Nº 1-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE JOSÉ LUIS ALONSO ÁLVAREZ.

EXPEDIENTE: 1371/2017 (RC-3.713 DE 23.06.2017). D^a. SANDRA BAZ CERQUEIRA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFETERÍA [EPIG. 672.3] A REALIZAR NA RÚA GALICIA, Nº 42-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE TAMARA PEREIRA RIVERO.

EXPEDIENTE: 442/2017 (RC-1.832 DE 31.03.2017). D^a. M^a TERESA REBOLLAR PORTELA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE ESPECTÁCULOS EN SALAS E LOCAIS [EPIG. 965.1] A REALIZAR NA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL, Nº 85-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE AGUSTÍN COELLO GONZÁLEZ.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Predidente da por rematada a sesión ás 09:39 horas do día da data, do que eu como Secretaria, dou fe.